


Feijóo afirma que o documento marco que se asinou entre a Xunta e as deputacións será unha folla de ruta para colaborar co obxectivo de establecer prioridades, sumar para ser máis eficientes e ofrecer máis servizos públicos aos cidadáns



- Subliña que, cando no ámbito estatal se está comezando a debater unha posible Lei de réxime local, Galicia volve a anticiparse coa sinatura deste documento, “como nos anticipamos cando iniciamos a senda da austeridade e cando iniciamos a senda da estabilidade orzamentaria”
- Explica que o documento é útil para que as deputacións aforren no seu funcionamento; é útil para os concellos, porque se as deputacións e a Xunta camiñan xuntas os concellos son os últimos e grandes beneficiarios; e é útil para os cidadáns, que piden a maior responsabilidade nun momento tamén de maior dificultade.



A Xunta avoga por reorientar a prestación económica de libranza de coidador cara á contratación de profesionais

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu a petición propia no Parlamento galego para dar conta das actuacións do departamento autonómico en materia de dependencia no que vai de lexislatura
- O investimento en dependencia en Galicia durante a lexislatura ascendeu a 1.390 millóns en global, dos cales 1.010 millóns foron achegados pola comunidade autónoma

Traballo mellora con dúas novas liñas de axudas o programa de apoio ás empresas de inserción laboral

- Financiará os gastos correntes do primeiro ano de actividade das empresas de inserción laboral e os custos do proceso previo para fomentar a creación de novas entidades de iniciativa local.

Sumario	Política social	2-7	Xuventude e voluntariado	12
	Formación e emprego	8-10	Normativa	13-19
	Informe do paro rexistrado	10	Publicacións	20
	Seguridade e saúde laboral	11		
Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar			
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas			
	Coordinación: Pepa Dabán Royo			
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces			

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de xuño cun descenso do desemprego dun 2,68 por cento, unha porcentaxe por enriba da media do Estado

Política social

Feijóo afirma que coa sinatura do protocolo de cooperación entre Xunta e deputacións, Galicia dá un paso firme para ser pioneira á hora de poñer en práctica a filosofía do principio da cooperación, da unidade e da coordinación entre as administracións



- ▶ Destaca que, desde o primeiro día desta lexislatura, o Goberno galego intenta acordar e cooperar
- ▶ Lembra que nestes tres anos a convicción de acordar fraguou en numerosas ocasións: no ámbito universitario; nos distintos acordos alcanzados no diálogo social; en moitos aspectos no ámbito da cooperación municipal; “e, hoxe, volve fraguar nun acordo estable e permanente”
- ▶ Asegura que neste protocolo, amais da anticipación, converxen outros dous factores: a xenerosidade e a responsabilidade

Santiago, 20 de xuño de 2012.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, afirmou que coa sinatura do protocolo de cooperación entre Xunta e deputacións, Galicia dá un paso firme para ser pioneira á hora de poñer en práctica a filosofía do principio da cooperación, da unidade e da coordinación entre as administracións.

Feijóo subliñou deste xeito que, cando no ámbito estatal se está comezando a debater unha posible Lei de réxime local, Galicia volve a anticiparse coa sinatura deste documento, “como nos anticipamos cando iniciamos a senda da austeridade e cando iniciamos a senda da estabilidade orzamentaria”. “Hoxe, volvemos a anticiparnos cun documento que é útil, en primeiro lugar, para as deputacións, porque a cooperación é fundamental para que as propias deputacións

aforren no seu funcionamento; é útil para os concellos, porque se as deputacións e a Xunta camiñan xuntas os concellos son os últimos e grandes beneficiarios; e é útil para os cidadáns, que son os que piden aos políticos a maior responsabilidade nun momento tamén de maior dificultade”.

O titular da Xunta aseverou que a falta de colaboración entre as administracións públicas é sinxelamente “un fracaso político, un fracaso colectivo” que debemos tentar revertir. “Por iso, este acto -dixo- é unha proba da evolución do noso país nos últimos anos. É un cambio xeracional dos políticos que están ao fronte das deputacións e dos políticos que están ao fronte da Administración autonómica. Non hai tanto tempo esta sinatura podería resultar estraña; hoxe, aquí estamos, en plena crise económica, dicindo que é moito máis o que nos une que

o que nos separa e demostrando que, en lugar de tropezar outra vez na mesma pedra da autarquía administrativa, apostamos pola unidade, polo acordo e pola cooperación”.

Neste sentido, Feijóo lembrou que “na Xunta entendémolo así desde o primeiro día desta lexislatura e, ao longo da mesma, intentamos acordar e cooperar”. “Fraguou o acordo no ámbito universitario e temos unha lei consensuada cos reitores e cos claustros, que entrará no Parlamento para ser aprobada; fraguou nos distintos acordos alcanzados no diálogo social; fraguou en moitos aspectos no ámbito da cooperación municipal co anterior presidente da Fegamp e co actual; e, hoxe, volve fraguar nun acordo estable e permanente que non é outra cousa que poñer unha axenda mutua a disposición das administracións públicas, é dicir, abrir unha axenda común en servizos sociais, en investimentos en equipamentos culturais, en equipamentos deportivos, en equipamentos turísticos, en infraestruturas hidráulicas, en emerxencias ou en actividades formativas e de emprego”.

Por último, o presidente do Goberno galego explicou que para que isto sexa así, amais da anticipación, converxen outros dous factores: a xenerosidade e a responsabilidade. “A xenerosidade, porque a cooperación ten que ser algo habitual e o acordo ten que ser un compromiso de todos; e a responsabilidade, porque hoxe estamos aquí, cada un xogando o seu papel pero todos xuntos xogando o único papel que é distribuír os recursos públicos para os cidadáns con criterios de eficacia e con criterios de eficiencia”.

Compromiso coas políticas sociais e aposta pola busca constante da eficiencia

Baiona, 18 de xuño de 2012.- Neste sentido, e a modo de exemplo o titular da Xunta referiuse ao centro de día Val Miñor en Sabarís, o primeiro centro de día que conta cunha xestión mancomunada. “Unha xestión feita por tres concellos -Gondomar, Nigrán e Baiona- e a Xunta. Unha xestión modélica coa que queremos trasladarlle á sociedade galega un exemplo para dar máis servizos públicos”, dixo. Feijóo afirmou que neste centro vense, claramente, os dous compromisos da Xunta durante esta lexislatura: o compromiso coas políticas sociais e a aposta pola busca constante da eficiencia.

No tocante ás políticas sociais, o responsable autonómico lembrou que, nesta lexislatura, “podemos ofrecer aos galegos 5.500 novas prazas públicas de servizos sociais, financiadas con fondos públicos; 5.500 novas prazas públicas nunha lexislatura marcada pola crise económica e que acreditan que somos capaces de poñer máis servizos públicos a pesar da crise”.

No ámbito da atención ás persoas maiores, resaltou a creación, nestes tres anos, de 2.700 novas prazas en residencias, centros de día e centros de alzheimer. “En centros de día levamos un incremento do 82%, e no que se refire á provincia de Pontevedra o número de prazas de centros de día incrementouse nun 130%”.

Benestar destina máis de 81 millóns de euros á área da discapacidade en 2012

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, indicou no Parlamento que Galicia dispón actualmente de preto de 5.000 prazas para persoas con discapacidade.
- ▶ Entre as medidas que a Xunta levou a cabo en 2011 dentro do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade 2010-2013 destaca a contratación de 421 persoas con discapacidade por parte de 313 empresas.
- ▶ O plan consta de dez áreas de acción e 305 actuacións, das que desde 2010 se executaron o 85% do total.
- ▶ Outro eido importante e que constitúe unha das áreas do plan de discapacidade é a atención temperá, que ten por obxectivo dar resposta o máis axiña posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos

Santiago, 27 de xuño de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará máis de 81 millóns de euros este ano á área da discapacidade, segundo subliñou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, en resposta a unha pregunta no Parlamento sobre este eido.

Na súa intervención, Mato indicou que Galicia dispón actualmente de preto de 5.000 prazas para persoas con discapacidade e lembrou que desde o inicio da lexislatura o departamento autonómico creou preto de 600 novas prazas para este colectivo, o que significa un 12,6% máis das que existían en abril de 2009.

Así, a titular de Benestar mantivo que “ningún orzamento da Xunta foi tan social como o deste Goberno” posto que, a pesar da conxuntura económica adversa, 75 de cada 100 euros van destinados ás políticas sociais.

Beatriz Mato indicou que entre as medidas que a Xunta levou a cabo en 2011 dentro do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade 2010-2013 destaca a contratación de 421 persoas con discapacidade por parte de 313 empresas, grazas ao Programa de fomento de contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria; ou ao Programa de apoio aos centros especiais de emprego, que contou no 2011 con cerca de 2.000 beneficiarios.

Trátase do primeiro plan de acción integral do Goberno galego en materia de discapacidade e da primeira vez que en Galicia traballan conxuntamente a Administración autonómica, representantes

das entidades locais, o movemento asociativo e axentes integrantes do diálogo social. Consta de dez áreas de acción e 305 actuacións, das que desde 2010 executáronse o 85% do total.

Anteproxecto de lei de accesibilidade

No eido da accesibilidade, Beatriz Mato destacou a elaboración do anteproxecto de Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que substituirá a lei anterior e realiza unha revisión de conceptos, un anteproxecto de lei que “vai máis alá da accesibilidade

física; ademais das barreiras arquitectónicas incide en ámbitos como o transporte, a linguaxe de signos ou a educación”.

En materia de emprego, a titular de Benestar referiuse a que, a pesar do axuste feito polo Goberno central en políticas activas de emprego, a Xunta mantén as axudas de cooperación dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro para os servizos relacionados co apoio aos colectivos con maiores dificultades de inserción, con especial atención ao que traballan no eido da discapacidade. Para iso, blíndanse con 8,2 millóns de euros a contratación de máis de 500 persoas por parte destas entidades.

Feijóo informa ao Real Padroado sobre a Discapacidade que Galicia, a pesar da situación económica, está incrementando os servizos sociais e as políticas de apoio á discapacidade

Madrid, 18 de xuño de 2012.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, informou ao Real Padroado sobre discapacidade que Galicia, a pesar da actual situación económica, está desenvolvendo políticas que incrementan e melloran os servizos sociais e, en concreto, o apoio ás persoas con discapacidade. Así o expresou en Madrid, onde interveu na vixésima primeira reunión do Consello do Real Padroado sobre Discapacidade presidido pola Raiña de España no Palacio da Zarzuela. “Non só mantemos os servizos sociais, senón que estamos incrementando e mellorando os servizos”, subliñou o mandatario galego, que engadiu que “o colectivo das persoas con discapacidade ten unha especial importancia nas nosas políticas sociais, como demostran os máis de 81 millóns de euros que imos destinar en 2012 á área de discapacidade”.



Atención temperá

Outro eido importante e que constitúe unha das áreas do plan de discapacidade é a atención temperá, unha área dirixida á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e ao contorno, que teñen por obxectivo dar resposta o máis axiña posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos.

Neste eido acadouse un nivel de execución do 66,7% das actuacións programadas e recolleuse por primeira vez dentro do catálogo de servizos e prestacións o servizo de atención temperá, enmarcado entre os servizos de promoción da autonomía persoal.

Ademais destas actuacións, a Xunta ten elaborado a Guía informativa sobre protección xurídica e discapacidade, presentada este ano e na que se abordan temas como os ingresos involuntarios, os procesos de modificación da capacidade ou as medidas de apoio para persoas con discapacidade.

Así mesmo, ao tratarse dun plan transversal no que están implicados todos os departamentos da Xunta, puxéronse en marcha iniciativas como a creación, en materia de sanidade, dunha tarxeta sanitaria especial para nenos e nenas con trastorno do espectro autista da que se outorgaron 648 en 2011; a formación de preto de 700 profesionais en materia de atención normalizadora, no eido da educación; ou a posta en marcha do servizo de bibliotecas accesible nas bibliotecas nodais, na área de cultura.

Política social

A Xunta avoga por reorientar a prestación económica de libranza de coidador cara á contratación de profesionais



► A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu a petición propia no Parlamento galego para dar conta das actuacións do departamento autonómico en materia de dependencia no que vai de lexislatura

Santiago, 12 de xuño de 2012.-

O Goberno galego propuxo ao Estado, no marco dos catro grupos de traballo creados para reformular a Lei de dependencia, que se dean os pasos para reorientar a prestación económica dos coidados no contorno familiar cara unha prestación económica para a contratación dun coidador persoal con carácter profesional.

Así o adiantou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a súa comparecencia a petición propia no Parlamento galego para dar conta das actuacións do departamento autonómico en materia de dependencia no que vai de lexislatura.

Na súa intervención, concretou que esta proposta galega consistiría nunha figura profesional que proporcionaría coidados e acompañamentos da vida diaria “cunha formación básica específica e de alta nun réxime especial da seguridade social”. O contrato poderá ser a un familiar, sempre que teña acreditada unha formación para a atención e a alta na seguridade social. “Isto, evidentemente, incide claramente no emprego”, subliñou Mato.

Esta é só unha das propostas realizadas polo Goberno galego nos catro grupos de traballo que se crearon entre comunidades autónomas e Estado para mellorar a Lei de dependencia. Ademais, a Xunta

tamén propuxo que o Goberno central teña en conta no financiamento o servizo que se presta e non só o grao, e “en función do servizo, que tamén se teña en conta o grao de dependencia”. Tamén se presentou que se prime máis a prestación de servizos profesionais fronte ás axudas económicas, “obedecendo ao espírito da propia lei que cualifica de excepcionais os coidados no contorno familiar”.

Aposta polos servizos

A Xunta leva facendo unha importante aposta polos servizos, fronte ás libranzas económicas, desde o inicio da lexislatura, dado que garanten unha atención de maior calidade e crean emprego. Grazas a este esforzo, neste tres anos ampliáronse de media un 32 por cento todos os servizos de atención ás persoas con dependencia, especialmente os de proximidade, que son os máis demandados.

Neste sentido, Mato resumiu que se incrementaron nun 50 por cento a dispoñibilidade dos servizos de teleasistencia; nun 83% os centros de día; nun 76 por cento a atención de día para enfermos de alzhéimer; nun 25% as prazas en residencias de maiores; e nun 12 por cento as prazas de atención á discapacidade.

A isto hai que sumarlle un aumento de máis do 1.400% nas libranzas por servizo (axuda económica sobre factura para aqueles que optan por elixir un centro de día ou residencia privado), que pasaron das 358 en 2009 ás 5.432 actuais. O pulo que se deu ao servizo de axuda a domicilio tamén foi importante, e ascendeu a un 346%, ao pasar de 2.857 beneficiarios en 2009 a 12.761 en maio deste ano.

Grazas a estas cifras, actualmente o 60% das prestacións recoñecidas en Galicia son servizos, fronte ao 40 por cento de prestación económicas, cando en 2009 os datos eran á inversa. Esta cifra supón

tamén estar 15 puntos por riba da media do Estado, que se sitúa nunha media do 45 por cento no que a servizos se refire.

Así, Galicia está por riba da media estatal en cobertura residencial (17,9% fronte ao 13,1%); en centros de día (10,9% fronte a 6,4%); en axuda a domicilio (16,05% fronte ao 12,8%, ademais con máis intensidade horaria que a media); e en libranza por servizo (11,4% fronte a 6,56%).

“Isto lévanos a que Galicia sexa agora mesmo das poucas comunidades onde hai máis persoas dependentes atendidas a través de servizos, pese a que evidentemente son máis caros”, destacou a titular do departamento autonómico, quen lembrou que esta aposta polos servizos sobre a prestación económica é tamén un acordo froito do diálogo social.

Melloras na xestión

A conselleira tamén se referiu a outras medidas que incidiron directamente na mellora do sistema de atención á dependencia, entre as que citou o deseño dun Sistema integrado galego de atención á dependencia (SIGAD), que unifica nun só sistema toda a tramitación de expedientes; ou o módulo extranet que se habilitou para que os concellos puideran ter acceso á información.

As melloras tamén chegaron ao eido do financiamento: tanto en cantidade como en axilización. No que ao orzamento se refire, Mato lembrou que no que vai de lexislatura investíuse na atención á dependencia en Galicia “1.390 millóns de euros, dos cales 1.010 millóns foron achegados pola comunidade autónoma”. Este ano Galicia destina a este fin 267 millóns de euros, 4,4 máis que o ano anterior, mentres que o Estado achega 94 millóns. Con estas cifras, que foron aumentando ano tras ano desde o comezo da lexislatura, amósase que o orzamento autonómico –isto é,

só no que se refire a achega que fai Galicia- aumentou en materia de dependencia nun 99,2 por cento desde que este Goberno chegou á Xunta.

En canto á axilización do financiamento, Mato destacou o novo decreto de servizos sociais que permite aos concellos recibir unha liquidación trimestral polo concepto de servizo de axuda no fogar (SAF) dependencia, cando antes recibían unha contía anual. De feito, neste primeiro trimestre do ano xa se adiantaron aos concellos uns 8 millóns de euros, que chegarán a preto de 32 millóns cando finalice o ano.

Durante a súa comparecencia, a conselleira lembrou tamén o desenvolvemento normativo da Lei de dependencia a través do Decreto 15/2010, e a orde que o desenvolve, que constitúen unha das normativas “máis avanzadas” nesta materia; ou a elaboración da carteira de servizos de atención á dependencia, que permitirá que cada persoa conte “cun traxe a medida” grazas á flexibilidade dos servizos. Ademais, recordou que nos últimos tres anos se crearon máis de 2.700 prazas públicas en residencias, centros de día e discapacidade.

Grazas a todo este esforzo, en tres anos atendéronse a máis de 46.000 persoas, fronte ás 14.000 que había ao inicio da lexislatura, o que supuxo aumentar nun 327% o número de persoas atendidas, ou multiplicar case por catro.

“Mentres outras autonomías deben meses de nóminas aos coidadores e outras pechan centros, nós seguimos crecendo e mantendo a nosa aposta. Porque nós apostamos por unha verdadeira política social, sostible, eficiente e de calidade”, concluíu a conselleira.

Un total de 2.500 coidadores de persoas con dependencia poderán formarse este ano co programa ‘Xuntos nos coidados’ de Benestar

► Este programa, posto en marcha en 2010, terá beneficiado a finais de 2012 a preto de 7.000 persoas en 268 accións formativas

► As primeiras actuacións deste ano desenvolveranse nas localidades de Ames e Cangas

Santiago, 28 de xuño de 2012.- Un total de 2.500 coidadores de persoas en situación de dependencia poderán formarse ao longo de 2012 en accións formativas no marco do programa ‘Xuntos nos coidados’ da Consellería de Traballo e Benestar. Trátase dun programa de formación non formal e apoio aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia con dereito recoñecido, posto en marcha en 2010 e que a finais de 2012 terá beneficiado a preto de 7.000 persoas en 268 accións formativas.

Desde esa data, a Consellería elaborou: o manual básico de formación para as persoas coidadoras non profesionais; a Guía para coidados no contorno familiar; o Manual especializado para os coidadores de persoas con demencia; o Manual especializado para persoas coidadoras de persoas con enfermidade mental; e o Manual de formación para os coidadores non profesionais de persoas con enfermidades crónicas. Deste xeito, garántese a calidade dos contidos formativos e o seguimento duns criterios homoxéneos en toda a Comunidade. Todos os manuais poden consultarse, ademais, a través da seguinte dirección <http://benestar.xunta.es/web/portal/guias>.

Neste eido, ata o momento leváronse a cabo 168 accións formativas en 144 localidades diferentes de Galicia, o que supuxo a formación dun total de 4.200 coidadores e coidadoras non profesionais.

Este ano a Consellería continúa co programa coa posta en

marcha de novas accións formativas e de apoio, de carácter especializado, dirixidas a coidadores informais de persoas con demencia. Está prevista a realización de 15 accións formativas especializadas en 15 localidades diferentes, das que as primeiras actuacións desenvolveronse o 28 e 29 de xuño, nas localidades de Ames e Cangas en horario de 16,00 a 20,30 horas, en colaboración coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Alzheimer e outras demencias (FAGAL).

Ao mesmo tempo, a consellería continua coas accións de formación básica para persoas coidadoras non profesionais. No que resta do ano levaranse a cabo 78 accións formativas para un total de 1.950 alumnos.

Neste ano 2012, na liña de seguir potenciando o programa e co obxectivo prioritario da garantía duns coidados de calidade como

eixe das súas actuacións, a consellería elaborou un módulo específico dirixido a coidadores informais de persoas con enfermidades crónicas, e neste sentido prevese levar a cabo 7 accións formativas nas 7 grandes cidades para formar un total de 175 coidadores.

Desde o ano 2011, en colaboración coa Consellería de Sanidade, os coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia dispoñen dun apoio continuo de atención telefónica a través do teléfono 902 400 116.

Este ten como obxectivo prestar información e solucións ás situacións sanitarias non urxentes, información sobre coidados asistenciais, información sobre as características das probas médicas, información sobre prevención e hábitos saudables, información sobre centros e servizos sanitarios e apoio psicolóxico.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/dependencia/que-e-a-dependencia>



**MANUAL DE FORMACIÓN PARA
COIDADOS NO CONTO RNO
FAMILIAR DE PERSOAS CON
ENFERMIDADES CRÓNICAS**

XUNTA DE GALICIA

Política social

A Xunta reforza a súa aposta polo envellecemento activo cun proxecto que conta cun orzamento de 2,3 millóns de euros

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou unha xornada sobre a promoción dun envellecemento “pleno e feliz”, na que participan máis de 300 persoas
- ▶ Este programa europeo, de carácter transfronteirizo, ten como obxectivo promover a innovación e a investigación, fomentar o uso das novas tecnoloxías e buscar solucións máis avanzadas para mellorar a calidade de vida dos maiores
- ▶ A Unión Europea declarou o 2012 como o Ano europeo do envellecemento activo e a solidariedade interxeneracional
- ▶ A titular do departamento autonómico lembrou que o Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013, que beneficiou en 2011 a 100.000 persoas, recolle como un dos seus catro eixos prioritarios o envellecemento activo.



Santiago, 15 de xuño de 2012.- A Xunta está a reforzar a súa aposta por un envellecemento “pleno e feliz”, no marco da celebración este 2012 do Ano Europeo do Envellecemento Activo e a Solidariedade Interxeneracional, a través da posta en marcha dun proxecto europeo, denominado “envellecemento+activo”, que conta cun orzamento de 2,3 millóns de euros, cofinanciado polos fondos FEDER.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou unha xornada en Santiago sobre esta materia, na que están a participar máis de 300 persoas. De feito, o encontro enmárcase tamén neste proxecto europeo de colaboración transfronteiriza co norte de Portugal.

O programa “envellecemento+activo”, que xa está funcionando, ten como obxectivo a planificación e utilización conxunta de equipamentos, programas e servizos sociais. Desenvolverase ao longo deste ano e de 2013. Entre varias

das súas actuacións, destaca a creación dun comité transfronteirizo de expertos en prevención e detección precoz da dependencia; a promoción de solucións innovadoras para hábitos de vida saudables; e a posta en funcionamento de experiencias piloto sobre atención da dependencia e a autonomía persoal.

“Todas estas accións van permitir reforzar a cooperación entre as dúas rexións, promover a innovación e a investigación, fomentar o uso das novas tecnoloxías, e buscar as solucións máis avanzadas para a mellora da calidade de vida das persoas maiores”, destacou Mato.

Esta iniciativa inscribese na aposta da Xunta polas persoas maiores, que son un “colectivo prioritario” para o Goberno galego. De feito, actualmente os maiores de 65 anos representan en Galicia o 23 por cento da poboación. “É dicir, case un de cada catro galegos ten máis de 65 anos”, explicou a conselleira.

A titular do departamento autonómico concretou que “os

galegos non só vivimos máis anos, senón que o facemos con maior saúde, con maior calidade de vida, e coa vontade intacta de seguir participando activamente en todos os ámbitos da sociedade”.

Por iso, a Administración autonómica está a promover a participación social, fomentar a autonomía persoal e dar cada vez maior espazo e voz social aos maiores. Precisamente, por esta razón, a Xunta contou coas asociacións, federación e entidades que representan a este colectivo para elaborar o Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013.

Este plan constitúe unha “estratexia integral” que conta con 69 medidas, e en 2011 tivo case 100.000 beneficiarios. De feito, un dos seus eixos prioritarios é precisamente o envellecemento activo e a promoción da autonomía persoal.

Para acadar este obxectivo, recolle unha serie de medidas dirixidas a contribuír a que esta etapa da vida sexa “plena e feliz”.

Entre outras, no marco deste plan, desenvóléronse en 2011 diversas iniciativas en distintos ámbitos: en materia de ocio de calidade, como os programas Lecer e Benestar, Xuntos polo Nadal, ou as actividades dos centros sociocomunitarios que chegaron a 12.000 persoas; ou no eido da formación, no que destacaron os 3.200 participantes nos programas universitarios para maiores e nas aulas da terceira idade, ou os máis de 1.700 que se achegaron ao mundo das novas tecnoloxías.

Finalmente, a conselleira fixo un chamamento a “reformular o papel do envellecemento, e deixar a un lado estereotipos gastados, que non se corresponden en absoluto coa realidade actual” e recordou que “queda moito por facer e por vivir, e que cómpre deixar un lado o sedentarismo e apostar pola actividade e os hábitos saudables”.

<http://www.envellecementomaisactivo.eu/>



O Plan Galego de Maiores da Xunta beneficiou a preto de 100.000 persoas ao longo de 2011

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou o LIV Congreso da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía que se celebrou en Santiago
- ▶ Mato destacou que a iniciativa do Goberno galego xira en torno ao envellecemento activo e inclúe diversas actuacións como programas de promoción da autonomía e plans universitarios para os maiores, así como formación sociocultural e nas novas tecnoloxías e actividades sobre seguridade viaria
- ▶ A responsable do departamento autonómico destacou que a Xunta puxo en marcha ao longo desta lexislatura máis de 2.700 prazas para maiores en residencias, centros de día e de alzhéimer, un 40 por cento máis que en 2009.

Santiago, 6 de xuño de 2012.- As diferentes medidas incluídas no Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013 da Xunta beneficiaron ao longo de 2011 a preto de 100.000 cidadáns da Comunidade autónoma. Así o destacou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na inauguración do LIV Congreso da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía, en Santiago.

A responsable do departamento autonómico indicou que o Goberno da Xunta está a executar este documento que recolle unha planificación para “a xestión correcta e eficiente” dos recursos públicos. Sinalou, así mesmo, que o plan foi consensuado

cos colectivos de maiores de Galicia e xira en torno ao envellecemento activo.

Neste sentido, resaltou que en 2011 se puxeron en marcha diversas medidas para promover a autonomía persoal dos maiores como os programas de dinamización social ‘Lecer e benestar’ ou ‘Xuntos polo Nadal’; plans universitarios e formación sociocultural a través das aulas da terceira idade de Galicia; actividades en centros sociocomunitarios; formación no uso das novas tecnoloxías; e actividades centradas na seguridade viaria. Só nestes programas participaron máis de 37.000 maiores.

“Estas medidas contribúen a acadar unha das prioridades do Goberno galego, que é a aposta por un novo envellecemento, máis activo, pleno e satisfactorio”, apuntou Mato.

Ademais, a titular de Benestar afirmou que a posta en funcionamento de actuacións concretas por parte da Xunta e que están dirixidas aos maiores complétase cunha oferta de “servizos sociosanitarios de primeiro

nivel”. Ao respecto, lembrou que a Administración autonómica puxo a disposición dos galegos e galegas máis de 2.700 prazas para maiores ao longo desta lexislatura en residencias, centros de día e alzhéimer, o que supón un 40 por cento máis das que había en 2009. Precisou que só en centros de día o incremento é do 80 por cento.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/Plan_GalegoV3.pdf



Entra en funcionamento en Galicia o Teléfono de Axuda á Infancia único para toda Europa

- ▶ O número telefónico 116111 substituirá ao actual 900 333 666
- ▶ O seu obxectivo é que a liña de axuda á infancia teña acceso a través do mesmo número en toda Europa
- ▶ Esta liña funcionará as 24 horas do día e estará atendido por persoal especializado.

Santiago, 8 de xuño de 2012.- O novo teléfono de axuda á infancia entrou en marcha en Galicia. Esta decisión deriva da Comisión das Comunidades Europeas co obxecto de harmonizar en toda Europa os servizos de interese social. O seu obxectivo é que a liña de axuda á infancia teña acceso a través do mesmo número de teléfono en toda Europa.

Este número substitúe o

empregado ata agora pero, ao igual que ocorría co número anterior, será un servizo gratuíto para o que chama e accesible desde todo o territorio de Galicia. funcionará as 24 horas do día e estará atendido por persoal especializado no asesoramento e intervención ante situacións de desprotección da infancia.

Os seus obxectivos son proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección

subministrándolles servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades; e dar oportunidade de que os nenos poidan expresar libremente as súas preocupacións, de falar sobre problemas que lles afecten directamente e de avisar a alguén que poida proporcionarlle axuda en caso de urxencia.

A Comisión das Comunidades Europeas adoptou en 2007 a decisión de reservar a numeración 116 para a prestación de servizos harmonizados de interese social e en 2010 decidiuse adjudicar o número 116111 ao servizo de liña de axuda á infancia para todo o territorio nacional.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/telefono-da-infancia>



Formación e emprego

Máis de 150 mulleres do rural galego participan na iniciativa “Tomando as rendas” que impulsa o autoemprego e o emprendemento

- ▶ O programa, desenvolvido por Fundetec en colaboración coa Xunta chegará a 40 concellos integrados na rede de aulas CeMIT das catro provincias
- ▶ As participantes elaborarán o seu propio plan de empresa co apoio de tutores e profesionais especializados
- ▶ O itinerario formativo complétase con cursos de capacitación dixital para que poidan aplicar as novas tecnoloxías á xestión do seu negocio

Santiago, 13 de xuño de 2012. - A Xunta pon en marcha a iniciativa “Tomando as rendas” para fomentar o autoemprego e o emprendemento entre as mulleres de zonas rurais e formadas no uso das novas tecnoloxías. Este proxecto chegará a 40 concellos, e está impulsado pola fundación Fundetec, a Plataforma Enlaces e Deglobé, e desenvólvese en Galicia a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega), en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, a Secretaría Xeral da Igualdade e BIC Galicia.

“Tomando as rendas” ofrece solucións de autoemprego e emprendemento ás mulleres do ámbito rural para que poidan aproveitar as oportunidades empresariais que teñen ao seu redor e poñan

en marcha a súa propia empresa. Ademais, búscase incentivar e transmitir confianza ás usuarias no uso das TIC a través de cursos de capacitación dixital complementarios. A formación será presencial e en liña e impartirase en 40 municipios integrados na Rede de Centros para a Modernización Tecnolóxica (CeMIT) da Amtega.

Perfil das participantes

As máis de 150 mulleres que se inscribiron na iniciativa teñen un perfil heteroxéneo. Abranguen un amplo tramo de idade que vai dos 20 aos 50 anos, e participan mulleres en situación de desemrego, como traballadoras por conta allea e mesmo emprendedoras que acaban de poñer en marcha a súa propia empresa e queren ampliar a súa formación.

Sobre Fundetec

A Fundación para o Desenvolvemento Infotecnolóxico de Empresas e Sociedade (www.fundetec.es) é unha fundación sen ánimo de lucro cuxo principal obxectivo é contribuír ao fomento de sociedade da información en España mediante o desenvolvemento de iniciativas que favorezan o acceso de cidadáns, empresas e institucións ás Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC) e a redución da brecha dixital. As accións promovidas por Fundetec estrutúranse en torno a tres liñas de traballo: alfabetización dixital de colectivos sociais en risco de exclusión; fomento do uso das TIC en pemes, microempresas e autónomos como ferramenta para mellorar a súa competitividade; e estímulo á formación en TIC dos empregados a través dos programas Fogar Conectado a Internet (HCI).

<http://www.fundetec.es>



Charlas informativas

A primeira fase do proxecto é a de motivación ao emprendemento e xeración e maduración de ideas empresariais, na que a través de charlas impartidas por profesionais de BIC Galicia, as participantes afianzarán a súa idea de negocio e tomarán o pulo necesario para acometer este labor con éxito.

Ademais, farase fincapé na importancia de elaborar un plan de viabilidade e daranse a coñecer as ferramentas e axudas que teñen á súa disposición as emprendedoras galegas, especialmente os programas de apoio ao emprendemento da Consellería de Traballo e Benestar. A formación impartirase de xeito presencial nas aulas CeMIT a través do sistema de videoconferencia en grupos de catro ou cinco concellos ata primeiros de xullo.

Capacitación en alfabetización dixital

O itinerario formativo complétase con cursos de capacitación dixital que se ofrecerán como

complemento opcional e que proporcionarán os axentes TIC das aulas CeMIT, que son os profesionais que se ocupan destes centros. Así, as usuarias que o soliciten poderán acceder á formación dixital básica, xestión de empresa e capacitación en ofimática.

A través desta formación complementaria, as participantes na iniciativa estarán preparadas para aplicar as novas tecnoloxías na elaboración do seu plan de empresa e na xestión do seu negocio, unha vez que sexa implantada a idea.

Talleres para elaborar un plan de empresa

A última fase do programa é a elaboración dun plan de empresa, que se articula a través de cinco talleres en liña sobre coñecementos a nivel financeiro, contable e laboral requiridos para a elaboración dun plan de empresa. Estes talleres póñense a disposición das usuarias a través da plataforma do proxecto: www.tomandoasrendas.es.

.../...

<http://www.tomandolasrendas.es/>



Traballo mellora con dúas novas liñas de axudas o programa de apoio ás empresas de inserción laboral

Allariz (Ourense), 12 de xuño de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar mellorará o programa de apoio ás empresas de inserción laboral introducindo dúas novas liñas de axudas, tal e como o demandou o movemento asociativo. Así, financiaranse os gastos correntes do primeiro ano de actividade deste tipo de empresas, así como os custos do proceso previo para fomentar a creación de novas entidades de iniciativa social. Ademais, permitirase o acceso a algunhas liñas deste programa, ás promotoras das entidades de iniciativa social.

Así o avanzou a directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, na súa intervención nas xornadas autonómicas de emprego que tiveron lugar en Allariz, Ourense. En concreto, a responsable da área autonómica participou nun relatorio sobre ‘O papel das ONG nos plans anuais da Xunta en relación ás políticas activas de emprego’, no que explicou, ademais, que no programa Inserta, que incentiva a contratación temporal –mínimo 6 meses- de persoas en risco de exclusión social, simplificaranse os requisitos co propósito de facilitar o acceso das empresas a estas axudas.

González resaltou que accións deste tipo veñen a demostrar que o Goberno galego segue a apostar polos programas de apoio á integración laboral dos colectivos máis vulnerables pese á situación de crise. “Os colectivos en situación ou en risco de exclusión social e as persoas con discapacidade son prioritarios e preferentes nas nosas políticas activas de emprego”, subliñou.

Neste sentido, apuntou que estas persoas son beneficiarias exclusivas nalgúns programas da Xunta, como o plan Inserta, ou se lles aplica a política de discriminación positiva concedéndolles “un sobreincentivo” cando o beneficiario final destas accións son persoas vulnerables, como por exemplo algunhas axudas de autónomos.



- ▶ A directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, nas xornadas autonómicas de emprego en Allariz
- ▶ Interveu nun relatorio sobre ‘O papel das ONG nos plans anuais da Xunta en relación ás políticas activas de emprego’
- ▶ Destacou que a Xunta financiará os gastos correntes do primeiro ano de actividade das empresas de inserción laboral e os custos do proceso previo para fomentar a creación de novas entidades de iniciativa local
- ▶ Avanzou que o programa Inserta, que incentiva a contratación temporal de persoas en risco de exclusión social, simplificará os requisitos para facilitar o acceso das empresas a estas axudas

Tamén expuxo que a Consellería de Traballo e Benestar conta con accións específicas para a inserción deste colectivo co obxectivo de mellorar a súa ocupabilidade establecendo medidas para a súa inserción normalizada no mercado de traballo. Puxo como exemplo axudas da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego. “O acceso

ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade na economía e na sociedade nun sentido amplo”, precisou. Para concluír, a directora xeral de Promoción do Emprego indicou que o Goberno galego está a manter “un diálogo fluído e constante” co movemento asociativo tanto a través do Cermi e Aiega, como das súas asociacións máis representativas.

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de xuño cun descenso do desemprego dun 2,68 por cento, unha porcentaxe por enriba da media do Estado

Santiago, 3 de xullo de 2012.- Galicia pechou o mes de xuño cun descenso do desemprego do 2,68 por cento, o que supón en termos absolutos unha baixada de 7.405 persoas. Deste xeito, o desemprego na comunidade autónoma sitúase nas 269.203 persoas.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, considerou positivo que haxa un descenso do paro, aínda que apelou á prudencia xa que xuño é un mes onde tradicionalmente se rexistran baixadas do desemprego, polo que son datos cunha forte compoñente estacional.

Con todo, valorou que este descenso sexa maior ao rexistrado na media do Estado, no que o desemprego baixou en 98.853 persoas, un 2,10

por cento fronte ao 2,68 por cento rexistrado en Galicia. A comunidade autónoma sitúase como a quinta, en termos relativos, na que máis diminúe o paro.


Ademais, o descenso deste mes é superior ao rexistrado nas mesmas datas do ano pasado na comunidade autónoma e é superior á media da serie histórica galega dos últimos 10 anos.

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, principalmente na Coruña (-2.838). A continuación, sitúase Pontevedra (-2.664); Ourense (-1.049) e Lugo (-854).

No que se refire aos sectores por actividade, o desemprego descendeu en todos eles, agás na agricultura e pesca, no que o paro aumentou en 101 persoas. En concreto, as maiores baixadas



rexistráronse no sector servizos (-3.014); seguido polo colectivo sen emprego anterior (-1.654); a construción (-1.605); e a industria (-1.233).

No mes de xuño rexistráronse en Galicia un total de 60.133 contratos, 8.090 contratos máis que no mes anterior; deste total, 4.681 foron indefinidos (7,78%) e 55.452 temporais (92,22%).



Parados mes	Variación relativa a mes anterior
Illes Balears	77.277 -6,35
Castela e León	220.138 -4,02
Cantabria	50.950 -3,78
Aragón	104.859 -2,82
Galicia	269.203 -2,68
Asturias	94.850 -2,68
Cataluña	615.576 -2,43
Castela-A Mancha	242.823 -2,32
Extremadura	135.472 -2,32
Murcia	145.223 -1,79
País Vasco	158.080 -1,76
Andalucía	1.025.635 -1,73
Madrid	521.246 -1,60
Valencia	564.130 -1,59
A Ríoxa	25.852 -1,51
Navarra	48.813 -1,49
Melilla	12.145 -1,20
Canarias	290.664 -0,87
Ceuta	12.333 -0,07
TOTAL	4.615.269 -2,10

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



Seguridade e saúde laboral

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia ata maio nun 22,20%

Santiago, 24 de xuño de 2012.- A sinistralidade laboral diminuíu un 22,20% nos cinco primeiros meses do ano, cun total de 10.178 accidentes laborais fronte aos 13.082 no mesmo período do ano 2011. Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 22,78% en Lugo, nun 22,66% en Pontevedra, do 22,26% na Coruña e do 19,62% en Ourense.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes

co número de traballadores coas contingencias profesionais cubertas.

Os datos da incidencia tamén reflicten o descenso da sinistralidade neste período, sendo a diminución no total de Galicia do 18,47% e os datos da diminución por provincias os seguintes: 19,43% en Lugo, 19,06% na Coruña, 18,05% en Pontevedra e 16,22% en Ourense.

O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia no mes de maio do 2012 descendeu un 27,23%. Neste mes rexistráronse 2.023 accidentes fronte aos 2.780

accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 1.979 foron accidentes leves, 41 graves e 3 mortais.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia descendeu un 23,14% en maio deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Descendeu a incidencia en todos os sectores: na industria foi do 29,37%, nos servizos foi do 21,41%, na agricultura do 13,53%, na construción do 12,18% e na pesca do 11,59%.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de maio 2011-2012

	2011			2012			% Variacións		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Agricultura	88	29	117	79	17	96	-10,23	-41,38	-17,95
Pesca	112	18	130	98	14	112	-12,50	-22,22	-13,85
Industria	714	124	838	455	100	555	-36,27	-19,35	-33,77
Construción	470	7	477	332	0	332	-29,36	-100,00	-30,40
Servizos	714	504	1.218	510	418	928	-28,57	-17,06	-23,81
Totais...	2.098	682	2.780	1.474	549	2.023	-29,74	-19,50	-27,23

Accidentes totais en xornada laboral acumulado xaneiro-maio 2011-2012

	2011			2012			% Variacións		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Agricultura	374	135	509	366	109	475	-2,14	-19,26	-6,68
Pesca	456	67	523	445	60	505	-2,41	-10,45	-3,44
Industria	3.300	606	3.906	2.363	488	2.851	-28,39	-19,47	-27,01
Construción	2.469	23	2.492	1.689	15	1.704	-31,59	-34,78	-31,62
Servizos	3.268	2.384	5.652	2.652	1.991	4.643	-18,85	-16,48	-17,85
Totais...	9.867	3.215	13.082	7.515	2.663	10.178	-23,84	-17,17	-22,20

http://www.issga.es/html/public/estadisticas_galicia_lista.php?listar=SINISTRALIDADELABORA&subopcion=mensuais



Xuventude e voluntariado

A Xunta difunde o borrador do *Libro branco da xuventude en España* entre a mocidade galega para que fagan as súas achegas

- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, tomou parte nun foro aberto de debate que tivo lugar en Santiago de Compostela
- Ademais, este documento foi remitido ás oficinas municipais de información dos concellos, a todas as entidades e asociacións xuvenís, e aos máis de 32.000 mozos e mozas usuarios dos programas de xuventude
- A nova Lei de xuventude de Galicia, aprobada recentemente no Parlamento, recolle como un dos seus obxectivos principais a mellora da participación xuvenil

Santiago, 14 de xuño de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar está a difundir entre a mocidade galega o borrador do *Libro branco da xuventude en España 2020*. O obxectivo é recoller as suxestións e preocupacións da mocidade galega ante o seu futuro para que sexan tidas en conta neste documento.

